

# 1 Zócalos para memoria RAM

## 1.1 Nota

Antes de ver este apartado é interesante ler o que fala sobre [módulos de memoria RAM](#).

Está claro que teremos tantos tipos de zócalos para RAM como distintos tipos de módulos existen no mercado:

- ◊ **Zócalo para memoria SDRAM:** Fixarse que teñen dous salientes para que encaixen as muescas dos módulos de memoria. Un saliente está case no centro e un cara un lado do slot.



- ◊ **Zócalo para memoria RDRAM ou RAMBUS:** Este zócalo é moi raro que se atope nunha placa hoxe en día. Así e todo fixarse que tamén ten dous salientes pero, esta vez, están os dous practicamente centrados no zócalo.




- ◊ **Zócalo para memoria DDR, DDR2, DDR3 ou DDR4:** A simple vista estes zócalos son practicamente iguais, na foto non se distinguirían e por iso poñemos unha soa imaxe, pois todos os zócalos admiten módulos dunha única muesca. Aínda que, debe quedar claro que, tal e como se comenta no apartado sobre [módulos de memoria RAM](#), os módulos non son compatibles (distintas voltaxes, distinto número de pines e muesca en distinta posición) e será imposible instalar un módulo DDR nun zócalo DDR2 ou ao revés, e, exactamente coa DDR3 y DDR4.



- ◊ **Zócalos para memoria Multi-channel DDR:** Moitas placas con zócalos para DDR-SDRAM implementan unha tecnoloxía que, colocando nela varios módulos idénticos, permiten multiplicar por 2, 3 ou 4 a velocidade de transferencia entre a memoria e o Micro (ou Ponte Norte).

- **Zócalos que soportan Dual-DDR, Dual-DDR2, Dual-DDR3 ou Dual-DDR4:** Moitas placas que montan memoria DDR, e todas as que montan DDR2, DDR3 e DDR4 soportan a tecnoloxía denominada **Dual-Channel DDR(2)(3)(4)**. Neste caso os zócalos virán separados de dous en dous, a separación poderá ser física ou, simplemente, por cores. Para que traballen en modo Dual-DDR(2)(3)(4) débese instalar os módulos de memoria idénticos de dous en dous, un en cada un dos zócalos que teñen a mesma cor (este é o caso normal, pero, coma sempre, mellor ler o manual para cercionarse). No caso de que non teñamos diferenza de cores, ler o manual da placa.

**Moitas placas con Dual-DDR(2)(3)(4) e con 4 Slots para memoria non soportan que se instalen 3 módulos de memoria RAM. Como sempre, ¡O mellor é ler o manual!.**



- Con DDR3 e DDR4 xa atopamos placas que soportan as tecnoloxías **Triple-Channel DDR** e **Quadruple-Channel DDR**. Na seguinte imaxe vemos os zócalos dunha placa cō socket Intel X99 que ten 8 slots para módulos DDR4. Tamén vemos unha táboa onde se indica cómo debemos colocalos:

	DDR4_1_1A	DDR4_2_2A	DDR4_3_1B	DDR4_4_2B	DDR4_8_2D	DDR4_7_1D	DDR4_6_2C	DDR4_5_1C
1 Module	--	--	●	--	--	--	--	--
2 Modules	--	--	●	--	--	●	--	--
4 Modules	●	--	●	--	--	●	--	●
6 Modules	●	--	●	●	●	●	--	●
8 Modules	●	●	●	●	●	●	●	●

[Volver](#)